

Observatorio Competitividade Provincia Extraordinaria

Impacto da Deputación de Pontevedra na cultura da provincia

Xullo 2025

A cultura, unha aposta estratéxica para o territorio como motor de identidade, cohesión social e desenvolvemento na provincia de Pontevedra

A cultura constitúe un pilar esencial para a identidade e o desenvolvemento social e económico da provincia de Pontevedra. O seu patrimonio histórico, artístico e tradicional reflíctese nunha gran diversidade de bens, manifestacións e expresións culturais que configuran un legado vivo e singular. A preservación, promoción e difusión deste patrimonio cultural son claves para fortalecer o sentido de pertenza e para proxectar a provincia como un referente cultural dentro de Galicia.

Este informe ten como obxectivo principal **analizar a situación actual da cultura na provincia de Pontevedra**, identificando os seus recursos máis relevantes, os retos que afronta e as oportunidades para o seu desenvolvemento.

O estudo céntrase no patrimonio e nas actividades culturais promovidas dende o ámbito público, así como nas accións orientadas á innovación e á dixitalización para ampliar o acceso e a participación cidadá.

Ademais, abórdase a relación entre cultura e turismo, destacando o papel da cultura como **motor para a atracción de visitantes e a dinamización económica local**.

O alcance do informe inclúe a avaliación das **políticas públicas, programas e proxectos culturais implementados polas administracións e organismos competentes** na provincia de Pontevedra. Tamén se examinan as ferramentas tecnolóxicas e os modelos de dixitalización de museos que contribúen a mellorar a experiencia cultural.

O apartado específico sobre turismo cultural explora como a oferta cultural da provincia xera un **impacto turístico, apoiando a diversificación económica e a promoción territorial**.

"O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sostible." – Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



A provincia como un ecosistema cultural diverso, activo e enraizado no territorio

A cultura na provincia de Pontevedra maniféstase como un ecosistema vivo que combina tradición, creatividade, identidade e dinamismo. A través de múltiples expresións e recursos culturais, configúrase un territorio cun forte arraigamento comunitario, capacidade de atracción e unha identidade propia en constante evolución.

Cultura arraigada e diversa

Patrimonio inmaterial vivo: festas tradicionais, romarías, danzas e rituais únicos.

Convivencia da cultura mariñeira e rural: dende a Festa do Albariño ata a Rapa das Bestas.

Forte tecido de asociacións culturais: presentes en parroquias, aldeas e barrios.

Territorio sostible e acolledor

Cultura vinculada á natureza: ríos, rutas, montes e litoral como espazos culturais.

Boa accesibilidade: rede de equipamentos culturais e un atractivo turístico en crecemento.

Cultura galega viva

Música, poesía, teatro e audiovisual con identidade propia.

Uso activo e creativo do galego como lingua de expresión artística.

Oferta contemporánea e creativa

Festivais de proxección nacional e internacional (O Marisquiño, Curtas, Sinsal, IKFEM...)

Proxectos de creación en artes escénicas, música e artes visuais.

Presenza de **novas xeracións de artistas, colectivos e programadores emerxentes.**

Riqueza patrimonial e artística

Arquitectura civil e relixiosa singular (pazos, cruceiros, mosteiro, etc.).

Xacementos arqueolóxicos como o Castro de Santa Trega ou A Lanzada.

Conxuntos históricos destacados: Tui, Pontevedra, Cambados, Baiona, etc.

A cultura como motor económico e creador de emprego na provincia

Ademais do valor identitario e social, a cultura na provincia de Pontevedra configurouse como un **sector económico en crecemento, xerador de actividade empresarial e de emprego**. O tecido cultural aloxa unha ampla variedade de actividades:




O sector cultural na provincia de Pontevedra reúne un tecido económico relevante, cunha cifra de ingresos de explotación superior aos **145,7 millóns de €**. Nos últimos 10 anos segundo os rexistros de SABI (*Sistema de Análise de Balances Ibéricos*), contabilizáronse **525 empresas** vinculadas a actividades culturais. No ano 2023, o sector xerou **1.205 postos de traballo na provincia**.

A continuación, amósase a evolución dos ingresos de explotación das empresas culturais nos últimos anos, segundo datos de SABI.



O gráfico tamén reflexa a **distribución territorial das empresas culturais na provincia de Pontevedra**, destacando os **sete concellos con maior presenza empresarial**.

Vigo lidera claramente o ranking, concentrando arredor de **200 empresas rexistradas**, o que representa **case o 40 % do total**. En segundo lugar sitúase **Pontevedra**, con **73 empresas**.



O atractivo cultural como motor turístico e dinamizador do territorio



A cultura xoga un papel fundamental na xeración e desenvolvemento do turismo en Galicia. Grazas ao seu rico patrimonio histórico, artístico e tradicional, a rexión atrae un crecente número de visitantes que buscan experiencias auténticas e vinculadas a súa identidade cultural.


Este interese pola cultura galega non só potencia a afluencia turística, senón que tamén contribúe á dinamización económica e social de numerosos municipios. A cultura actúa deste xeito coma un motor clave para o turismo, converténdose no principal recurso para impulsar ofertas innovadoras, conservar o legado histórico e promover Galicia como un destino con personalidade propia, recoñecida a nivel nacional e internacional

No ano **2023**, rexistráronse en Galicia **714.000** viaxes motivadas por razóns culturais. A serie histórica mostra unha evolución estable, cunha recuperación clara tras o descenso puntual provocado pola pandemia.

Este tipo de turismo, máis vinculado á experiencia, á identidade e ao coñecemento do territorio, supón tamén un impacto económico crecente, como reflicte o gráfico de gasto medio por visitante, que superou os niveis previos a 2020.

Ademais, os datos revelan que os turistas que visitaron Galicia en 2023 destinaron un **15,4%** do seu orzamento a actividades culturais, o que confirma a capacidade da oferta cultural para atraer gasto directo e xerar retorno económico.


Viaxes realizadas por motivos culturais



26,6%

O **26,6%** dos viaxes culturais realizados por residentes en España tiveron como destino Galicia.

Gasto medio por habitante



17,8%

O **17,8%** dos viaxes por ocio, recreo e vacación con destino Galicia tiveron motivación cultural.

548€

O gasto medio por viaxe realizada con motivación cultural presenta una media de **548€** por viaxe realizado.

A cultura en festas: tradición popular na provincia de Pontevedra

A provincia de Pontevedra conta cun calendario festivo moi rico, no que se mestura a **tradición, celebracións mariñeiras, romarías populares, festas gastronómicas e recreacións históricas**. Estas festas, repartidas por toda a provincia reflicten a **diversidade cultural das comarcas e contribúen a manter viva a identidade local**.

Feira franca

Festa medieval celebrada o primeiro fin de semana de setembro, recreando o ambiente dos séculos XV–XVI.

Declarada festa de Interese Turístico de Galicia, reúne arredor de **100.000 persoas** que se visten con traxes de época e participan no mercado, torneos, artesanía e animación infantil e musical.

Romarí vikinga Catoira

Primeiro domingo de agosto, cunha semana de eventos culturais previos, que **atrae a milleiros de persoas**.

Declarada festa de Interese Turístico Internacional, **recrea o desembarco vikingo nas Torres do Oeste** cun desfile de *drakkars*, mercado medieval e concerto vespertino, ademais doutras moitas actividades.

Festa da reconquista

Celebrada a **finais de marzo**, conmemora a expulsión das tropas napoleónicas en 1809.

Declarada festa de Interese Turístico Galego, transforma o **Casco Vello de Vigo** nun escenario histórico.

Estímase que este ano houbo **máis de 250.000 asistentes**.

Arribada

Conmemora o **desembarco da carabela Pinta** o 1 de marzo de 1493.

Declarada festa de Interese Turístico Internacional, **en 2025 superou os 200.000 asistentes en tres días**.

Destaca pola recreación medieval, mercado artesanal, espectáculos de xogo e animación nas rúas.

Corpus Christi Ponteareas

Destaca pola **confección de alfombras florais** que cobren máis de 1,5 km de rúas no centro da vila.


É unha das **celebracións máis emblemáticas e recoñecidas de Galicia**, cada ano recibe a **milleiros de visitantes nacionais e internacionais**, sendo declarada Festa de Interese Turístico Internacional dende 2009.

Festa do Albariño

A festa máis grande de Galicia dedicada ao viño albariño celébrase a primeira semana de agosto.

En **2023 recibiu 200.238 visitantes**, con **picos diarios superiores a 53.000 persoas**. En edicións máis longas de 10 días, flotouse ata os 350.187 asistentes, segundo medicións da Mancomunidade do Salnés.

Asistencia a outras ferias



A cultura en festivais: unha forma diferente de vivir a música

A provincia conta cun panorama de festivais moi diverso que **combinan música, cinema, innovación e tradición**. Ao longo do ano celébranse eventos en **contornas moi diferenciadas o que reflicte a riqueza cultural** das comarcas de Pontevedra. Os festivais non só actúan coma fonte de cultura senón que **tamén actúan como motores económicos**.

PortAmérica

Festival musical que **combina concertos de artistas nacionais e internacionais con showcookings** de chefs de renome

A pasada edición reuniu a **mais 65.000 asistentes** os cales desfrutaron dun punto de encontro entre **cultura contemporánea** fusionada con cociña e compromiso social.

Sinsal SON Estrella Galicia

Cun **programa secreto** é recoñecido como un dos festivais máis singulares de Galicia.

Conta cun aforo moi limitado, **tan só unas 3.000 persoas**. Destaca pola súa aposta polos **artistas emerxentes e propostas innovadoras**, baixo una contorna libre de aglomeracións e co obxectivo de conectar coa música e a natureza.

Festival de Cans

Encontro **de cinema, música e humor celebrado en maio** ao cal estímase que asistiron unhas **13.000 persoas** e figuras destacadas do audiovisual.

Declarado evento de interese cultural, transforma a parroquia de Cans nun epicentro cultural que **combina cine con concertos, coloquios, rutas e unha atmosfera rural e festiva**

SonRías Baixas

É un festival de música celebrado en Bueu, que **mestura ritmos rock con sons urbanos**.

O festival aposta por **músicos locais e nacionais fusionándoa con gastronomía local e actividades culturais**. O ano pasado **reuníronse mais de 27.000 persoas** neste evento.

Atlantic Fest

Este festival conta cun programa que se estende durante varios días con **actividades culturais, música e gastronomía**.

Recoñecido como Festa de Interese Turístico Galego representa unha **combinación entre tradición e innovación**. No ano pasado **asistiron 10.000 persoas**.

Revenidas

Durante uns días o porto de Vilaxoán se converte no **centro da música alternativa e cultural galega**.

Os **mais de 28.000 asistentes** que no 2024 desfrutaron dos grandes **grupos musicais, espectáculos e, ademais, a súa tradicional sardiñada popular**.




Impacto económico



Museo de Pontevedra: entre a tradición e a vangarda

O **Museo de Pontevedra** é unha das **institucións culturais máis destacadas da provincia**, cunha ampla colección que reflicte a **riqueza histórica, artística e arqueolóxica de Galicia**. A través da súa aposta pola dixitalización, a educación patrimonial, a inclusión e o diálogo cultural, o museo **ofrece unha experiencia dinámica e accesible que conecta o pasado co presente e proxectada cara ao futuro**.



Fundado pola Deputación no 1927 e coincidindo a súa inauguración coas festas da Virxe Peregrina.

Inspirada no labor da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, cuxas coleccións constitúen o núcleo inicial do museo, o cal, **foi medrando ata alcanzar coleccións de toda clase de disciplinas**: pintura, escultura, ourivería, fotografía, arqueoloxía... **Ademais de importantes pezas do patrimonio relixioso e civil galego**.

As exposicións permanentes **distribúense entre as sete sedes repartidas polo centro histórico da cidade**. Por outro lado, tamén poden atoparse mostras temporais e itinerantes, ao mesmo tempo que organízanse actividades complementarias como obradoiros, visitas guiadas, seminarios.... Este ano, a programación céntrase na Bienal de Pontevedra e o ano de Castelao.

O ano pasado visitárono máis de 145.000 persoas o que o converte nun dos museos con máis actividade de toda a provincia.

Programas educativos

Dirixido a públicos de todas as idades, ofrece **obradoiros, visitas comentadas e actividades interactivas** que conectan o patrimonio co contexto actual, **fomentando a aprendizaxe a través da arte, a historia e a arqueoloxía**.

Xornadas de educación patrimonial

En colaboración con universidades, **organiza encontros anuais que reúnen profesionais da cultura, a educación e o patrimonio**, abordando temas como a mediación cultural, a participación cidadá e o papel dos museos na aprendizaxe crítica e transformación social.

Espazo de creación e diálogo

Lugar aberto á experimentación artística e ao pensamento crítico, acollendo exposicións temporais, proxectos colaborativos e encontros culturais que dialogan coas coleccións permanentes. Este espazo **fomenta a participación cidadá e a reflexión sobre temas contemporáneos**.

Accións de inclusión

Aposta por unha cultura accesible para todas as persoas, desenvolvendo actividades adaptadas a diferentes capacidades físicas, sensoriais e cognitivas, incluíndo visitas guiadas con intérpretes de lingua de signos, materiais táctiles e audiodescricións, así como obradoiros inclusivos.

Arte contemporáneo para repensar o presente e conectar co mundo

Arte contemporáneo

VOLVER ^(A) SER HUMANOS *ante el dolor de los demás*



A **Bienal de Arte de Pontevedra** é unha **mostra internacional de artes visuais** que se celebra na cidade, convertida xa nun **referente consolidado no panorama artístico nacional e internacional**.

Trátase da **bienal de arte contemporánea máis antiga de España**, cunha traxectoria iniciada en **1969**, e está organizada pola **Deputación de Pontevedra e o Museo de Pontevedra**.

Tras **15 anos de ausencia**, a Bienal regresa cunha nova edición baixo o título **“Volver a ser humanos. Ante o dor dos demais.”**

Nesta ocasión, reúne **60 artistas de 28 nacionalidades**, cun **enfoque especial en creadoras emerxentes** e propostas que **interveñen espazos icónicos da cidade e da provincia**.

A programación ofrece **instalacións, performance, cinema, ciclos, conferencias e actuacións en vivo**, con contidos centrados en cuestións urxentes como as **guerras, as migracións, a crise climática** e a necesidade dunha **rehumanización colectiva**.

Con esta edición, a Bienal aspira a construír unha **“radiografía afectiva e crítica” do presente**, utilizando a **arte como ferramenta de reflexión e transformación social**.

Misión e obxectivos



Fomentar o **pensamento crítico** e o **debate** sobre os desafíos do mundo contemporáneo a través da arte.



Impulsar a **innovación** e a **experimentación artística**, promovendo o **diálogo entre disciplinas e culturas**.



Promover a **inclusión** e a participación cidadá, facendo da arte un **espazo común de encontro e reflexión**.



Establecer **alianzas estratéxicas** en todo o mundo, creando **redes de colaboración e difusión artística**.

Cinco décadas de expresión artística, memoria creativa e futuro compartido



1969

Nace como certame competitivo provincial, centrado en **pintura, escultura, gravado e debuxo**.

Na súa primeira edición presentáronse **203 obras**.

1970


1970-1974

O certame **expándese** a nivel **rexional e logo nacional**, incorporando artistas de todo o Estado. Dende 1974 **ábrese á participación internacional**, marcando un **punto de inflexión** na súa **proxección**.

1980

1980-1990

Afonda na **profesionalización**, abandona o formato competitivo e **convértese nunha plataforma de reflexión** sobre temas como a **posmodernidade, a migración ou a memoria**.



1992

1992-2008

Vive a súa **etapa de maior esplendor**, con **exposicións temáticas**, presenza de **comisarios de prestixio** e un **diálogo sostido** con rexións como **Latinoamérica, o Magreb ou os países nórdicos**.

2010

1992-2010

Ten lugar a **última edición** antes dunha **pausa de 15 anos**. A edición, titulada *Utrópicos*, abordou o **exilio e a emigración en Centroamérica e o Caribe**.

2025

Regresa coa súa **32ª edición**, con máis de **60 artistas de 28 nacionalidades**, ocupando **12 sedes** en Pontevedra e outras localidades da provincia.



Unha rede de proxectos que achegan a cultura, fortalecen o tecido creativo e activan a provincia

A Deputación de Pontevedra **promove unha ampla rede de proxectos culturais que fortalecen o tecido creativo, descentralizan a oferta cultural e fomentan a profesionalización do sector.** As iniciativas abranguen dende as artes escénicas ata o audiovisual, con especial atención a accesibilidade, á lingua galega e ao apoio a festivais locais.

Artes escénicas



Circuíto +Escénicas: programación de espectáculos profesionais en lingua galega por toda a provincia, achegando o teatro á cidadanía e promovendo a creación escénica en galego.

Orzamento inicial: 175.000 €

Participación: 286 compañías de teatro e 28 de danza

Territorio: chegou a 49 concellos de menos de 20.000 habitantes

Actividade: 105 funcións realizadas entre outubro de 2024 e marzo de 2025

Valoración municipal: nota media de 9,5 sobre 10 por parte dos concellos participantes

Audiovisual e festivais de cine

Rías Baixas Acción: plataforma estratéxica para o impulso do sector audiovisual na provincia, que promove a profesionalización, a xeración de sinerxías entre creadoras e creadores, e a visibilidade de proxectos locais. Grazas a esta iniciativa a Deputación apoiou 23 producións audiovisuais, 5 delas en 2024, ademais, estimase que por cada 1€ investido, xéranse entre 9 e 10€ de retorno económico.

Rías Baixas Film Fest: rede de festivais de cine que agrupa eventos de referencia na provincia, promovendo a difusión do cinema galego e internacional, así como o acceso á cultura audiovisual en diferentes concellos. Esta iniciativa reforza a descentralización cultural e o apoio ao talento creativo, consolidando a provincia como un polo de atracción cinematográfica.



Festivais destacados:

- *PLAY-DOC (Tui)*: Festival internacional de cinema documental.
- *Cans (O Porriño)*: Curtametraxes e novos talentos do cine galego.
- *FICBUEU (Bueu)*: Curtametraxes con enfoque na diversidade cultural.
- *Novos Cinemas (Pontevedra)*: cinema independente e formación audiovisual.
- *Galician Freaky Film Festival*: propostas alternativas que apoian a creatividade emerxente.

Cultura con raíz e perspectiva: iniciativas para preservar a memoria, recoñecer ás mulleres e impulsar a literatura galega

A cultura tamén é **memoria, identidade e innovación**. A través de proxectos que poñen en valor a tradición oral, o papel das mulleres na transmisión cultural e a creación literaria contemporánea, a **Deputación de Pontevedra impulsa unha cultura viva, diversa e comprometida co territorio**. Estas iniciativas permiten **fortalecer o tecido cultural da provincia** dende unha **perspectiva inclusiva e transformadora**.

Cultura e identidade en perspectiva de xénero



Letras Galegas – Cantareiras, poesía popular:

programa de dinamización cultural que promove a tradición oral e a poesía popular galega con 35 citas programadas en distintos concellos da provincia entre maio e xullo de 2025, e cunha participación nas actividades de milleiros de nenos e nenas.

Mozas da Miña Aldea: documental que recolle a memoria e o saber das mulleres do rural pontevedrés a través de cancións e relatos tradicionais, foi estreado en maio de 2025 no Pazo Provincial, con arredor de 100 asistentes

Por que cantan as mulleres?: investigación sobre a transmisión cultural feminina mediante o canto, como forma de memoria colectiva. O proxecto explora os significados sociais e emocionais do acto de cantar, documentando repertorios e experiencias que forman parte da identidade das comunidades.

Literatura e innovación cultural

Encontros Pontevedra Literaria: charlas, mesas redondas e obradoiros con autoras e autores locais e internacionais, fomentando o diálogo literario e a reflexión sobre a creación contemporánea. Estes encontros permiten achegar a literatura á cidadanía, promover o intercambio cultural e visibilizar a diversidade de voces e estilos presentes na escrita actual.

Premio Castelao de textos teatrais: concurso anual que promove a creación dramática en galego, incentivando a escrita teatral contemporánea e o uso da lingua como ferramenta artística. O premio contribúe a renovar o panorama escénico galego, apoiando a autoría local e facilitando a posta en escena de novas obras.



Cultura con futuro: innovación ao servizo do patrimonio

A cultura da provincia de Pontevedra non só se dedica a **preservar o legado do pasado**, senón que **mira cara ao futuro**, incorporando **tecnoloxías emerxentes** que **transforman a forma de crear, conservar e compartir o patrimonio**. **Museos, castelos e espazos culturais** integran hoxe ferramentas como a **realidade virtual ou a impresión 3D** para facilitar o acceso, activar novas experiencias e reforzar a relación entre cidadanía, coñecemento e territorio.

Dixitalización do museo de Pontevedra



O **Museo de Pontevedra** conta cunha plataforma web interactiva que permite explorar **máis de 25.000 pezas dixitalizadas**, multiplicando por 25 a oferta física en sala. A través de "Explora a colección", pódense realizar buscas avanzadas e acceder a fichas con imaxes en alta resolución.

A **visita virtual** inclúe **recorridos en 360º**, **sete itinerarios temáticos**, **62 obras destacadas con contido ampliado** e **visitas guiadas en tempo real**. O proxecto, desenvolvido pola Deputación, facilita o acceso global ao patrimonio e prevé novas funcionalidades como informes en PDF e ligazóns a documentación científica.

Experiencia dixital no Castelo de Soutomaior

O Castelo de Soutomaior consolidouse como un **referente turístico da provincia**, con **preto de 150.000 visitantes dende 2018** e **récord no verán de 2024** cun total de **16.541 persoas**.

A visita ofrece un **percorrido de 45 minutos** que **combina historia, tecnoloxía e natureza**, con recursos como audiovisuais, recreacións en 3D, videomapping, caixas máxicas, visitas caracterizadas e percorridos polos viñedos.

O proxecto aborda a **evolución histórica e arquitectónica** do castelo dende a súa orixe medieval ata a súa transformación contemporánea, a través de dez eixes temáticos.



Hub de Tecnoloxías Avanzadas

A oficina de **SmartPeme+ en Barro** pon a disposición do sector cultural un **espazo pioneiro en innovación tecnolóxica**.

Este centro, ofrece **formación e asesoramento en tecnoloxías emerxentes**, facilitando a modernización do sector cultural e creativo da provincia, entre outros sectores. Entre as áreas de traballo principais destacan: **impresión 3D, realidade virtual e aumentada, intelixencia artificial, robótica e IoT, Big Data e ciberseguridade**.



Retos para manter viva a cultura na provincia e iniciativas impulsadas pola Deputación

	Retos	Iniciativas
01	Descentralización cultural e enfoque municipalista Ampliar a oferta cultural levando programación de calidade a todos os municipios, especialmente aos de menor tamaño, reforzando así a cohesión territorial e a participación local.	Iniciativas como +Escénicas ou +Música Colaboración cos concellos para levar a cabo actividades que poñen en valor o seu patrimonio local. A través de iniciativas que realizan programacións en pequenos concellos.
02	Dixitalización do patrimonio e espazos culturais Aplicar tecnoloxías dixitais para preservar, difundir e facer máis accesible o patrimonio, modernizando museos e centros culturais con experiencias interactivas e innovadoras.	Uso de novas tecnoloxías en museos Incorporar ferramentas dixitais como visitas virtuais e aplicacións interactivas para enriquecer a experiencia do visitante e facilitar o acceso ao patrimonio cultural.
03	Sustentabilidade do sector cultural Impulsar o emprego cultural estable e a profesionalización do sector	Programas de apoio ao emprego cultural Impulsar o emprego no sector cultural mediante convocatorias específicas dirixidas a artistas e compañías, promovendo a creación e a profesionalización.
04	Conectar con novo público Deseñar propostas culturais innovadoras e participativas, adaptadas aos intereses das novas xeracións.	Bienal Evento de arte contemporáneo que impulsa a creación actual e ofrece propostas innovadoras para atraer e conectar con novas xeracións.
05	Impulso do turismo cultural Fomentar un turismo cultural sostible e de calidade que potencie a riqueza patrimonial e artística do territorio, xerando impacto económico e social.	Cultura como motor do turismo A Deputación impulsa actividades culturais na colaboración cos municipios, promovendo eventos en espazos patrimoniais e naturais que dinamizan o territorio e atraen visitantes durante todo o ano.

Oportunidades detectadas para seguir impulsando a cultura na provincia

Oportunidades

01

Impulsar unha rede cultural territorial

Favorecer a colaboración entre concellos para garantir programación continua e descentralizada.

02

Aproveitar as tecnoloxías emerxentes

Usar ferramentas dixitais e inmersivas para modernizar o patrimonio e atraer novos públicos.

03

Fomentar o emprego e a profesionalización

Reforzar o apoio ao talento local e promover a estabilidade no sector cultural.

04

Conectar coas novas xeracións

Deseñar formatos creativos e participativos adaptados aos intereses actuais.

05

Activar o turismo cultural sostible

Posicionar a cultura como motor económico e promocionar a identidade da provincia.

“A Deputación de Pontevedra aposta pola cultura como motor de cohesión, innovación e desenvolvemento para un territorio vivo e diverso”

**“A cultura activa o territorio,
fortalece a identidade e constrúe
futuro dende as raíces.”**